

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Decreto 221/2008, do 25 de setembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en laboratorio de análise e de control de calidade.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, determina que é competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia o regulamento e a administración do ensino en toda a súa extensión, nos seus niveis e graos, nas súas modalidades e especialidades, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o punto primeiro do seu artigo 81, a desenvolvan.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, ten por obxecto a ordenación dun sistema integral de formación profesional, cualificacións e acreditación que responda con eficacia e transparencia ás demandas sociais e económicas a través das modalidades formativas.

A devandita lei establece que a Administración xeral do Estado, de conformidade co que se dispón no artigo 149.1. 30.^a e 7.^a da Constitución española, e logo da consulta ao Consello Xeral de Formación Profesional, determinará os títulos de formación profesional e os certificados de profesionalidade que constituirán as ofertas de formación profesional referidas ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, creado polo Real decreto 1128/2003, do 5 de setembro, e modificado polo Real decreto 1416/2005, do 25 de novembro, cuxos contidos poderán ampliar as administracións educativas no ámbito das súas competencias.

Establece, así mesmo, que os títulos de formación profesional e os certificados de profesionalidade terán carácter oficial e validez en todo o territorio do Estado e serán expedidos polas administracións competentes, a educativa e a laboral respectivamente.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu capítulo III que se entende por currículo o conxunto de obxectivos, competencias básicas, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación de cada unha das ensinanzas reguladas pola citada lei.

No seu capítulo V establece as directrices xerais da formación profesional inicial e dispón que o Goberno, logo da de consulta ás comunidades autónomas, establecerá as titulacións correspondentes aos estudos de formación profesional, así como os aspectos básicos do currículo de cada unha delas.

O Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, estableceu no

seu capítulo II a estrutura dos títulos de formación profesional, tomando como base o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, as directrices fixadas pola Unión Europea e outros aspectos de interese social.

No seu capítulo IV, dedicado á definición do currículo polas administracións educativas en desenvolvemento do artigo 6.3º da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que as administracións educativas, no ámbito das súas competencias, establecerán os currículos correspondentes ampliando e contextualizando os contidos dos títulos á realidade socioeconómica do territorio da súa competencia, e respectando o seu perfil profesional.

Publicado o Real decreto 1395/2007, do 29 de outubro, polo que se establece o título de técnico superior en laboratorio de análise e de control de calidade e as súas correspondentes ensinanzas mínimas, e de acordo co seu artigo 10.c), correspóndelle á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecer o currículo correspondente no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Consonte o anterior, este decreto desenvolve o currículo do ciclo formativo de formación profesional de técnico superior en laboratorio de análise e de control de calidade. Este currículo adapta a nova titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.

Para estes efectos, determínase a identificación do título, o seu perfil profesional, o contorno profesional, a perspectiva do título no sector ou nos sectores, as ensinanzas do ciclo formativo, a correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención, así como os parámetros do contexto formativo para cada módulo profesional no que se refire a espazos, equipamentos, titulacións e especialidades do profesorado, e as súas equivalencias para os efectos de docencia.

Así mesmo, determínanse os accesos a outros estudos, as modalidades e as materias de bacharelato que facilitan a conexión co ciclo formativo, as validacións, exencións e equivalencias, e a información sobre os requisitos necesarios segundo a lexislación vixente para o exercicio profesional, cando proceda.

O currículo que se establece neste decreto desenvólvese tendo en conta o perfil profesional do título a través dos obxectivos xerais que o alumnado debe alcanzar ao finalizar o ciclo formativo e os obxectivos propios de cada módulo profesional, expresados a través dunha serie de resultados de aprendizaxe, entendidos como as competencias que deben adquirir os alumnos e as alumnas nun contexto de aprendizaxe, que lles han permitir conseguir os logros

profesionais necesarios para desenvolver as súas funcións con éxito no mundo laboral.

Asociado a cada resultado de aprendizaxe establécense unha serie de contidos de tipo conceptual, procedementa e actitudinal redactados de xeito integrado, que han proporcionar o soporte de información e destreza precisos para lograr as competencias profesionais, persoais e sociais propias do perfil do título.

O currículo establecido neste decreto require un posterior desenvolvemento a través das programacións didácticas elaboradas polo equipo docente do ciclo formativo. Estas programacións han concretar e adaptar o currículo ao contorno socioeconómico do centro, tomando como referencia o perfil profesional do ciclo formativo a través dos seus obxectivos xerais e dos resultados de aprendizaxe establecidos para cada módulo profesional.

Neste sentido, a inclusión do módulo de formación en centros de traballo posibilita que o alumnado complete a formación adquirida no centro educativo mediante a realización dun conxunto de actividades de produción e/ou de servizos en situacións reais de traballo no contorno produtivo do centro, de acordo coas exigencias derivadas do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.

O módulo de proxecto que se inclúe neste ciclo formativo permitirá integrar de forma global os aspectos máis salientables das competencias profesionais, persoais e sociais características do título que se abordaron no resto dos módulos profesionais, con aspectos relativos ao exercicio profesional e á xestión empresarial.

A formación relativa á prevención de riscos laborais dentro do módulo de formación e orientación laboral aumenta a empregabilidade do alumnado que supere estas ensinanzas e facilita a súa incorporación ao mundo do traballo, ao capacitálo para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais, establecidas no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.

De acordo co artigo 9.2º do Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, establécense a división de determinados módulos profesionais en unidades formativas de menor duración, coa finalidade de facilitar a formación ao longo da vida, respectando, en todo caso, a necesaria coherencia da formación asociada a cada unha delas.

De conformidade co exposto, por proposta da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada polas leis 11/1988, do 20 de outubro, 2/2007, do 28 de marzo e 12/2007, do 27 de xullo, conforme os ditames do Consello Galego de Formación Profesional e do Consello Escolar de Galicia, de acordo co ditame do

Consello Consultivo de Galicia, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e cinco de setembro de dous mil oito,

DISPOÑO:

I. Disposicións xerais.

Artigo 1º.-*Obxecto.*

1. Este decreto establece o currículo que será de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia para as ensinanzas de formación profesional relativas ao título de técnico superior en laboratorio de análise e de control de calidade, determinado polo Real decreto 1395/2007, do 29 de outubro, polo que se establece o título de técnico superior en laboratorio de análise e de control de calidade e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

2. O disposto neste decreto substitúe a regulación do currículo fixado polo Decreto 11/2006, do 12 de xaneiro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en análise e control.

II. Identificación do título, perfil profesional, contorno profesional e prospectiva do título no sector ou nos sectores.

Artigo 2º.-*Identificación.*

O título de técnico superior en laboratorio de análise e de control de calidade identifícase polos seguintes elementos:

-Denominación: laboratorio de análise e de control de calidade.

-Nivel: formación profesional de grao superior.

-Duración: 2.000 horas.

-Familia profesional: química.

-Referente europeo: CINE-5b (Clasificación Internacional Normalizada da Educación).

Artigo 3º.-*Perfil profesional do título.*

O perfil profesional do título de técnico superior en laboratorio de análise e de control de calidade determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

Artigo 4º.-*Competencia xeral.*

A competencia xeral deste título consiste en organizar e coordinar as actividades de laboratorio e o plan de mostraxe, realizando todo tipo de ensaios e análises sobre materias e produtos en proceso e acabados, orientados á investigación e ao control de calidade, así como interpretar os resultados obtidos, actuando baixo normas de boas prácticas no laboratorio.

Artigo 5º.-*Competencias profesionais, persoais e sociais.*

As competencias profesionais, persoais e sociais deste título son as que se relacionan deseguido:

a) Determinar a técnica analítica máis axeitada para o tipo de produto, interpretando a documentación específica.

b) Preparar e manter nas condicións establecidas os materiais e os equipamentos necesarios para a determinación analítica da mostra.

c) Organizar o plan de mostraxe e realizar a toma de mostra aplicando normas vixentes establecidas.

d) Preparar a mostra previamente á análise mediante as operacións básicas de laboratorio, e adecuala á técnica que se vaia utilizar.

e) Realizar ensaios e análises para caracterizar as propiedades físicas, químicas, microbiolóxicas e biotecnolóxicas dun produto, actuando baixo normas de competencia técnica e de seguranza laboral e ambiental.

f) Avaliar os datos obtidos da análise, redactar os informes técnicos correspondentes e rexistralos nos soportes establecidos.

g) Asegurar o cumprimento de normas e medidas de protección ambiental e prevención de riscos laborais en todas as actividades que se realizan no laboratorio.

h) Aplicar as tecnoloxías da información e da comunicación propias do laboratorio, así como manter unha continua actualización nelas.

i) Manter a limpeza e a orde no lugar de traballo, e cumprir as normas de competencia técnica e os requisitos de saúde laboral.

j) Efectuar consultas á persoa axeitada cando cumpra, saber respectar a autonomía das persoas subordinadas e informar cando sexa conveniente.

k) Manter o espírito de innovación e actualización no ámbito do traballo propio para se adaptar aos cambios tecnolóxicos e organizativos do contorno profesional.

l) Liderar situacións colectivas que se poidan producir, mediando en conflitos persoais e laborais, para contribuír ao establecemento dun ambiente de traballo agradable, actuando de xeito sincero, respectuoso e tolerante.

m) Participar na investigación de novos métodos de análise e produtos desenvolvidos no laboratorio.

n) Adaptarse a diferentes postos de traballo e a novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos.

o) Resolver problemas e tomar decisións individuais, seguindo as normas e os procedementos establecidos definidos dentro do ámbito da competencia propia.

p) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas que se derivan das relacións laborais, consonte o establecido na lexislación.

q) Xestionar a propia carreira profesional, analizando as oportunidades de emprego, de autoemprego e de aprendizaxe.

r) Participar na vida económica, social e cultural con actitude crítica e responsable.

Artigo 6º.-*Relación de cualificacións e unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.*

Cualificacións profesionais completas incluídas no título:

a) Ensaos microbiolóxicos e biotecnolóxicos QUI020_3 (Real decreto 295/2004, do 20 de febreiro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:

-UC0052_3: organizar e xestionar a actividade do laboratorio aplicando os procedementos e as normas específicas.

-UC0053_3: organizar o plan de mostraxe e realizar a toma de mostrax.

-UC0054_3: realizar ensaios microbiolóxicos e informar dos resultados.

-UC0055_3: realizar ensaios biotecnolóxicos e informar dos resultados.

b) Ensaos físicos e fisicoquímicos QUI021_3 (Real decreto 295/2004, do 20 de febreiro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:

-UC0052_3: organizar e xestionar a actividade do laboratorio aplicando os procedementos e as normas específicas.

-UC0053_3: organizar o plan de mostraxe e realizar a toma de mostrax.

-UC0056_3: realizar os ensaios físicos, avaliar os resultados e informar deles.

-UC0057_3: realizar os ensaios fisicoquímicos, avaliar os resultados e informar deles.

c) Análise química QUI117_3 (Real decreto 1087/2005, do 16 de setembro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:

-UC0052_3: organizar e xestionar a actividade do laboratorio aplicando os procedementos e as normas específicas.

-UC0053_3: organizar o plan de mostraxe e realizar a toma de mostrax.

-UC0342_3: aplicar técnicas instrumentais para a análise química, avaliar os resultados e informar deles.

-UC0341_3: realizar análises por métodos químicos, avaliar os resultados e informar deles.

Artigo 7º.-Contorno profesional.

1. Estas persoas exercen a súa actividade en empresas ou laboratorios de distintos sectores onde cumpra realizar ensaios físicos e fisicoquímicos, e análises químicas e instrumentais en materias e en produtos orientados ao control de calidade e á investigación, así como naqueles en que sexa preciso realizar probas microbiolóxicas e biotecnolóxicas en áreas ambientais ou de alimentación, entre outras.

2. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

-Analista de laboratorios de titularidade pública ou privada.

-Analista de laboratorio químico.

-Analista de laboratorio microbiolóxico.

-Analista de laboratorio de materiais.

-Analista de laboratorio de industrias agroalimentarias.

-Analista de laboratorio de industrias transformadoras.

-Analista de centros de formación, investigación e desenvolvemento.

-Analista microbiolóxico/a de industrias alimentarias, empresas ambientais e industrias biotecnolóxicas.

-Analista microbiolóxico/a de augas potables e residuais.

-Analistas de control microbiolóxico da industria farmacéutica.

-Analista de materias primas e acabamentos.

-Técnico/a de laboratorio de química industrial.

-Técnico/a en control de calidade en industrias de manufacturas diversas.

-Técnico/a de ensaios de produtos de fabricación mecánica.

-Técnico/a de ensaios de materiais de construción.

Artigo 8º.-Prospectiva do título no sector ou nos sectores.

No desenvolvemento do currículo establecido no presente decreto tivéronse en conta as seguintes consideracións:

1. Esta figura profesional actuará en funcións que aseguren a organización e a rendibilidade do laboratorio, apoiando o departamento de compras na homologación de provedores e en plans de aseguramento da calidade.

2. As relacións con produción serán máis intensas e participará na implantación de novos procesos.

3. Existe unha integración progresiva da función de análise e control no resto da propia empresa ou da empresa cliente. O labor desta figura profesional,

xa que logo, non se limitará á análise e á emisión de informes, senón que se estenderá á obtención e á elaboración doutros datos procedentes de produción ou mesmo do mercado ligados ao control de calidade.

4. A demanda social de novos produtos ha implicar un aumento substancial do investimento nos departamentos de I+D+i co obxecto de desenvolver novas tecnoloxías e elaborar produtos máis respectuosos desde o punto de vista ambiental (redución de efectos secundarios, potenciación da degradación biolóxica rápida, e non uso de metais pesados, disolventes orgánicos e produtos fosfatados).

5. Hase producir un pulo na biotecnoloxía como consecuencia da implantación das novas técnicas (PCR) e das tecnoloxías derivadas do estudo e da utilización dos seres vivos. Isto ha ter aplicación en áreas tan diversas como a saúde humana, a alimentación e o medio.

6. A obrigatoriedade de comprobar e certificar a inocuidade de calquera produto químico fabricado (puro, formulado, intermedio ou final) en cantidades superiores a unha tonelada métrica por ano vai obrigar as empresas a variaren a súa estratexia, consonoite o regulamento comunitario de rexistro, avaliación, autorización e restrición de substancias químicas (REACH).

7. Téndese á acreditación dos laboratorios de ensaio para cumprir as exigencias da normativa europea.

III. Ensinanzas do ciclo formativo e parámetros básicos de contexto.

Artigo 9º.-Obxectivos xerais.

Os obxectivos xerais deste ciclo formativo son os seguintes:

a) Clasificar e seleccionar os materiais e os reactivos, e identificar as súas condicións de manipulación e de conservación, para organizar o aprovisionamento e a almacenaxe.

b) Identificar e caracterizar os produtos que se deban controlar, analizando a documentación específica asociada, para seleccionar o método de análise máis axeitado.

c) Seleccionar os materiais e os equipamentos necesarios, e relacionar as súas características co tipo de análise que se vaia realizar, para preparalos e mantelos nas condicións establecidas.

d) Describir o plan de mostraxe e analizar as características que deban cumprir as mostras, para realizar a súa toma.

e) Caracterizar as operacións básicas e analizar as transformacións da materia que levan consigo, para preparar mostras para a súa análise.

f) Identificar as técnicas analíticas e analizar as súas vantaxes e as súas aplicacións, para realizar ensaios e análises.

g) Analizar e interpretar os datos obtidos, e identificar as técnicas de presentación de resultados, para avaliar a validez destes.

h) Describir as medidas de protección ambiental e de prevención de riscos laborais, identificando a normativa aplicable aos procedementos de traballo, para asegurar o cumprimento de normas e medidas de protección ambiental.

i) Recoñecer programas informáticos de tratamento de datos e de xestión en relación co procesamento de resultados analíticos, para os aplicar ás actividades do laboratorio.

j) Describir os papeis de cada compoñente do grupo de traballo e identificar en cada caso a responsabilidade asociada, para efectuar consultas.

k) Identificar os cambios tecnolóxicos, organizativos, económicos e laborais na actividade propia, e analizar as súas implicacións no ámbito de traballo, para manter o espírito de innovación.

l) Identificar formas de intervención en situacións colectivas e analizar o proceso de toma de decisións, para adoptar unha posición de líder.

m) Valorar a importancia da renovación dos métodos de análise e desenvolvemento de produtos, recoñecendo técnicas analíticas innovadoras, para participar na súa investigación e no seu desenvolvemento.

n) Analizar as actividades de traballo nun laboratorio e identificar a súa achega ao proceso global para participar activamente nos grupos de traballo e conseguir os obxectivos da produción.

o) Identificar e valorar as oportunidades de aprendizaxe e a súa relación co mundo laboral, analizando as ofertas e as demandas do mercado para manter unha cultura de actualización e innovación.

p) Recoñecer as oportunidades de negocio, identificando e analizando demandas do mercado para crear e xestionar unha pequena empresa.

q) Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, analizando o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.

Artigo 10º.-Módulos profesionais.

Os módulos profesionais deste ciclo formativo, que se desenvolven no anexo I deste decreto, son os que a continuación se relacionan:

- MP0065. Mostraxe e preparación da mostra.
- MP0066. Análises químicas.
- MP0067. Análise instrumental.
- MP0068. Ensaio físicos.

-MP0069. Ensaio físicoquímicos.

-MP0070. Ensaio microbiolóxicos.

-MP0071. Ensaio biotecnolóxicos.

-MP0072. Calidade e seguraza no laboratorio.

-MP0073. Proxecto de laboratorio de análise e de control de calidade.

-MP0074. Formación e orientación laboral.

-MP0075. Empresa e iniciativa emprendedora.

-MP0076. Formación en centros de traballo.

Artigo 11º.-Espazos e equipamentos.

1. Os espazos e os equipamentos mínimos necesarios para o desenvolvemento das ensinanzas deste ciclo formativo son os establecidos no anexo II deste decreto.

2. Os espazos formativos establecidos poden ser ocupados por diferentes grupos de alumnado que curse o mesmo ou outros ciclos formativos, ou etapas educativas.

3. Non cómpre que os espazos formativos identificados se diferencien mediante pechamentos.

Artigo 12º.-Profesorado.

1. A docencia dos módulos profesionais que constitúen as ensinanzas deste ciclo formativo correspóndelle ao profesorado do corpo de catedráticos de ensino secundario, do corpo de profesorado de ensino secundario e do corpo de profesorado técnico de formación profesional, segundo proceda, das especialidades establecidas no anexo III A) deste decreto.

2. As titulacións requiridas para acceder aos corpos docentes citados son, con carácter xeral, as establecidas no artigo 13 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e se regula o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da devandita lei. As titulacións equivalentes ás anteriores para os efectos de docencia, para as especialidades do profesorado son as recollidas no anexo III B) deste decreto.

3. As titulacións requiridas e calquera outro requisito para a impartición dos módulos profesionais que formen o título, para o profesorado dos centros de titularidade privada ou de titularidade pública doutras administracións distintas das educativas, concréntanse no anexo III C) deste decreto.

IV. Accesos e vinculación a outros estudos, e correspondencia de módulos profesionais coas unidades de competencia.

Artigo 13º.-*Preferencias para o acceso a este ciclo formativo en relación coas modalidades e as materias de bacharelato cursadas.*

Terá preferencia para acceder a este ciclo formativo o alumnado que cursara a modalidade de bacharelato de ciencias e tecnoloxía e, dentro deste, o que superase a materia de química.

Artigo 14º.-*Acceso a outros estudos e validacións.*

1. Este título permite o acceso directo para cursar calquera outro ciclo formativo de grao superior, nas condicións de acceso que se establezan.

2. Este título permite o acceso directo ás ensinanzas conducentes aos títulos universitarios de grao nas condicións de admisión que se establezan.

3. Para os efectos de facilitar o réxime de validacións entre este título e as ensinanzas universitarias de grao, asígnanse 120 créditos ECTS distribuídos entre os módulos profesionais deste ciclo formativo.

Artigo 15º.-*Validacións e exencións.*

1. As validacións de módulos profesionais dos títulos de formación profesional establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, cos módulos profesionais dos títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establécense no anexo IV deste decreto.

2. Serán obxecto de validación os módulos profesionais comúns a varios ciclos formativos, de igual denominación, duración, contidos, obxectivos expresados como resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación, establecidos nos reais decretos polos que se fixan as ensinanzas mínimas dos títulos de formación profesional. Malia o anterior, e consonte o artigo 45.2º do Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, quen superase o módulo profesional de formación e orientación laboral, ou o módulo profesional de empresa e iniciativa emprendedora en calquera dos ciclos formativos correspondentes aos títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, terá validados os devanditos módulos en calquera outro ciclo formativo establecido ao abeiro da mesma lei.

3. O módulo profesional de formación e orientación laboral de calquera título de formación profesional poderá ser obxecto de validación sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 45.3º do Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, que se acredite polo menos un ano de experiencia laboral e se posúa o certificado de técnico en prevención de riscos laborais, nivel básico, expedido consonte o disposto no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.

4. De acordo co establecido no artigo 49 do Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, poderán determinarse a exención total ou parcial do módulo profesional de formación en centros de traballo pola

súa correspondencia coa experiencia laboral, sempre que se acredite unha experiencia relacionada con este ciclo formativo nos termos previstos no devandito artigo.

5. A unidade formativa de equipos de traballo, dereito do traballo e da seguranza social e procura de emprego, pertencente ao módulo profesional de formación e orientación laboral, será validada co módulo profesional de formación e orientación laboral de calquera ciclo formativo de grao medio ou superior establecido ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

6. A unidade formativa de prevención de riscos laborais, pertencente ao módulo profesional de formación e orientación laboral, será validada co certificado de técnico en prevención de riscos laborais, nivel básico, expedido consonte o disposto no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.

Artigo 16º.-*Correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención.*

1. A correspondencia das unidades de competencia cos módulos profesionais que forman as ensinanzas deste título para a súa validación ou exención queda determinada no anexo V A) deste decreto.

2. A correspondencia dos módulos profesionais que forman as ensinanzas deste título coas unidades de competencia para a súa acreditación queda determinada no anexo V B) deste decreto.

V. Organización da impartición.

Artigo 17º.-*Distribución horaria.*

1. Os módulos profesionais deste ciclo formativo organizaranse polo réxime ordinario segundo se establece no anexo VI A) deste decreto.

2. Os módulos profesionais deste ciclo formativo organizaranse polo réxime para as persoas adultas, segundo se establece no anexo VI B) deste decreto.

Artigo 18º.-*Unidades formativas.*

Consonte o artigo 9.2º do Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, e coa finalidade de facilitar a formación ao longo da vida e servir de referente para a súa impartición, establécense no anexo VII a división de determinados módulos profesionais en unidades formativas de menor duración.

Artigo 19º.-*Módulo de proxecto.*

1. O módulo de proxecto incluído no currículo deste ciclo formativo ten por finalidade a integración efectiva dos aspectos máis salientables das competencias profesionais, persoais e sociais características do título que se abordaron no resto dos módulos profesionais, xunto con aspectos relativos ao exercicio profesional e á xestión empresarial. Organizarase sobre a base da titoría individual e colectiva. A

atribución docente será a cargo do profesorado que imparta docencia no ciclo formativo.

2. Desenvolverase logo da avaliación positiva de todos os módulos profesionais de formación no centro educativo, coincidindo coa realización dunha parte do módulo profesional de formación en centros de traballo e avaliarase unha vez cursado este, co obxecto de posibilitar a incorporación das competencias adquiridas nel.

Disposicións adicionais

Primeira.-Oferta nas modalidades semipresencial e a distancia do presente título.

A impartición das ensinanzas dos módulos profesionais deste ciclo formativo nas modalidades semipresencial ou a distancia, que se ofrecerán unicamente polo réxime para as persoas adultas, ha requirir a autorización previa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, conforme o procedemento que se estableza.

Segunda.-Titulacións equivalentes.

1. Os títulos que se relacionan deseguido terán os mesmos efectos profesionais e académicos que o título de técnico superior en laboratorio de análise e de control de calidade, establecido no Real decreto 1395/2007, do 29 de outubro, cuxo currículo para Galicia de desenvolve neste decreto:

-Técnico especialista en alimentación, rama química, da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa.

-Técnico especialista en análises lácteas, rama química, da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa.

-Técnico especialista en análise e procesos básicos, rama química, da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa.

-Técnico especialista en química de laboratorio, rama química, da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa.

-Técnico especialista axudante técnico de laboratorio, rama química, da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa.

-Técnico superior en análise e control establecido polo Real decreto 811/1993, do 28 de maio, cuxo currículo para Galicia foi establecido polo Decreto 11/2006, do 12 de xaneiro.

2. A formación establecida neste decreto no módulo profesional de formación e orientación laboral capacita para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais, establecidas no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención.

Terceira.-Regulación do exercicio da profesión.

1. De conformidade co establecido no Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, os elementos recollidos neste decreto non constitúen regulación do exercicio de profesión titulada ningunha.

2. Así mesmo, as equivalencias de titulacións académicas establecidas no punto 1 da disposición adicional segunda deste decreto hanse entender sen prexuízo do cumprimento das disposicións que habilitan para o exercicio das profesións reguladas.

Cuarta.-Accesibilidade universal nas ensinanzas deste título.

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria garantirá que o alumnado poida acceder e cursar este ciclo formativo nas condicións establecidas na disposición derradeira décima da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

2. As programacións didácticas que desenvolvan o currículo establecido neste decreto deberán ter en conta o principio de «deseño para todos». Para tal efecto, han recoller as medidas necesarias co fin de que o alumnado poida conseguir a competencia xeral do título, expresada a través das competencias profesionais, persoais e sociais, así como os resultados de aprendizaxe de cada un dos módulos profesionais.

En calquera caso, estas medidas non poderán afectar de forma significativa á consecución dos resultados de aprendizaxe previstos para cada un dos módulos profesionais.

Quinta.-Autorización a centros privados para a impartición das ensinanzas reguladas neste decreto.

A autorización a centros privados para a impartición das ensinanzas deste ciclo formativo exixirá que desde o inicio do curso escolar se cumpran os requisitos de profesorado, espazos e equipamentos regulados neste decreto.

Sexta.-Desenvolvemento do currículo.

Os centros educativos desenvolverán o presente currículo de acordo co establecido no artigo 11 do Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.

Sétima.-Efectos académicos das unidades formativas.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ha determinar os efectos académicos da división dos módulos profesionais en unidades formativas ás que se fai referencia no artigo 18º.

Disposicións transitorias

Primeira.-*Adaptación de espazos e equipamentos ás novas ensinanzas.*

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ha adoptar as medidas oportunas para a adaptación dos espazos e a dotación dos equipamentos establecidos neste decreto nos centros de titularidade pública dependentes dela, que viñesen impartindo o título ao que se fai referencia no artigo 1.º. No caso de centros de titularidade pública dependentes de administracións distintas da educativa, serán estas as responsables.

As adaptacións de espazos e a dotación de equipamentos deberán estar finalizadas antes do inicio do curso 2010-2011.

2. Os centros educativos de titularidade privada que viñeran impartindo á entrada en vigor deste decreto o título ao que se fai referencia no artigo 1.º.2, deberán adaptar os espazos e os equipamentos, conforme o establecido neste decreto, antes do inicio do curso 2010-2011.

O incumprimento do anterior será causa de revogación da autorización concedida para a impartición destas ensinanzas.

Segunda.-*Centros privados con autorización para impartir ciclos formativos de formación profesional ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.*

A autorización concedida aos centros educativos de titularidade privada para impartir as ensinanzas ás que se fai referencia no artigo 1.º.2 entenderase referida ás ensinanzas reguladas no presente decreto, sen prexuízo do establecido no punto 2 da disposición transitoria primeira.

Disposición derogatoria

Única.-*Derrogación de normas.*

Queda derogado o Decreto 11/2006, do 12 de xaneiro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en análise e control, e todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste decreto, sen prexuízo do establecido no punto 2 da disposición transitoria primeira.

Disposicións derradeiras

Primeira.-*Implantación das ensinanzas recollidas neste decreto.*

1. No curso 2008-2009 implantarase o primeiro curso polo réxime ordinario e deixará de impartirse o primeiro curso das ensinanzas a que se fai referencia no artigo 1.º.2 deste decreto.

2. No curso 2009-2010 implantarase o segundo curso polo réxime ordinario e deixará de impartirse

o segundo curso das ensinanzas a que se fai referencia no artigo 1.º.2 deste decreto.

3. No curso 2008-2009 implantaranse as ensinanzas reguladas neste decreto polo réxime para as persoas adultas e deixarán de impartirse as ensinanzas a que fai referencia no artigo 1.º.2.

Segunda.-*Desenvolvemento normativo.*

Autorízase a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para ditar as disposicións que sexan necesarias para a execución e o desenvolvemento do establecido neste decreto.

Terceira.-*Entrada en vigor.*

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e cinco de setembro de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

1. ANEXO I
Módulos profesionais

1.1. Módulo profesional: mostraxe e preparación da mostra.

* Equivalencia en créditos ECTS: 13.

* Código: MP0065.

* Duración: 213 horas.

1.1.1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

* RA1. Organiza o plan de mostraxe, e xustifica os procedementos e os recursos de cada etapa secuencial.

-CA1.1. Elaborouse o procedemento normalizado de mostraxe tendo en conta os indicadores de calidade.

-CA1.2. Explicáronse os procedementos normalizados de traballo (PNT) e as instrucións de aplicación para cada tipoloxía de mostraxe.

-CA1.3. Estableceuse o número e o tamaño das mostras para obter unha mostra representativa.

-CA1.4. Estableceuse a técnica de mostraxe tendo en conta as determinacións analíticas solicitadas.

-CA1.5. Identificáronse os materiais e os equipamentos tendo en conta a cantidade, a estabilidade e o número de ensaios.

-CA1.6. Establecéronse criterios para decidir o momento e a frecuencia da toma de mostra, así como os tempos máximos de demora ata a súa análise.

